



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVICIO DE PATRIMONIO Y CONTRATACIÓN



Número 36 / 2017

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O BERTAMIRANS FÚTBOL CLUB CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO CLUB NO ANO 2016

Na Coruña, a 7 de abril de dous mil dezasete

REUNIDOS

D. José García Liñares, Deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Rafael José Budiño Rey, Presidente do **Bertamirans Fútbol Club**.

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promociónen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Bertamirans Fútbol Club** é unha entidade adicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Bertamirans Fútbol Club**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Bertamirans Fútbol Club** (CIF:G15285851) para financiar a **realización de actividades deportivas do club no ano 2016**

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA.

O **Bertamirans Fútbol Club** desenvolve as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gastos de arbitrxes	19.357,00 €
Total	19.357,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000€**, o que representa unha porcentaxe do **77,49%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o **77,49%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- INCORPORACIÓN AO REGISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Bertamirans Fútbol Club**, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Bertamirans Fútbol Club**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2017**.

Terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poden terse realizado dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente do **Bertamirans Fútbol Club** respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario de 31 de marzo de 2017

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE P.D.
DE DEPORTE E MOCIDADE

D. José García Liñares,

O PRESIDENTE DO O DEPUTADO
BERTAMIRANS FÚTBOL CLUB

D. Rafael José Budiño Rey

cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.-A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificando, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponden ao **Bertamirans Fútbol Club**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao **Bertamirans Fútbol Club**, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a **Bertamirans Fútbol Club** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que o **Bertamirans Fútbol Club** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE E FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Bertamirans Fútbol Club**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Bertamirans Fútbol Club**, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscripción polo representante legal do **Bertamirans Fútbol Club** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, (con IVE e sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.
- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, descritas na cláusula PRIMEIRA, teñen efectos retroactivos e están comprendidas desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, o **Bertamirans Fútbol Club** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do día **31 de outubro de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade

xestora remitiralle un requirimento ao **Bertamirans Fútbol Club** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Bertamirans Fútbol Club**, da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Bertamirans Fútbol Club**, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao **Bertamirans Fútbol Club**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O **Bertamirans Fútbol Club** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarase esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O **Bertamirans Fútbol Club**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmentemente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Bertamirans Fútbol Club**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Bertamirans Fútbol Club** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Bertamirans Fútbol Club** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de auxilamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación.